

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou no ano 2002 o plano de estudos de *Graduado Superior en Biotecnoloxía*, titulación propia de segundo ciclo, modificándoo mediante acordo co Consello de Goberno do 23 de setembro de 2003, que se transformou no ano 2006 nun *Programa Oficial de Posgrao en Enxeñaría Biotecnolóxica, que organiza a titulación de Máster Universitario en Enxeñaría Biotecnolóxica e a titulación de Doutor*, aprobado pola Comunidade Autónoma de Galicia que autoriza a súa implantación mediante o *Decreto 51/2006, do 23 de marzo*, ao abeiro do establecido polo *Real Decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios de posgrao*.

Os resultados da aprendizaxe dos estudantes que teñen expedido o título de *Graduado Superior en Enxeñaría Biotecnolóxica* comprenden a maioría das competencias proporcionadas polo Máster Universitario en Enxeñaría Biotecnolóxica, non obstante, é necesario reforzar algunha das competencias xenéricas e específicas que proporciona o Máster Universitario respecto das do Graduado Superior polo que esta

Reitoría Resolve:

Primeiro.- Os alumnos que posúan a titulación de Graduado Superior en Biotecnoloxía e pretendan cursar o Máster Universitario en Enxeñaría Biotecnolóxica na USC deberán matricularse dos **Requisitos formativos** que a continuación se indican:

MEMORIA: *Traballo dirixido:* 10 créditos ECTS.- Consistirá nun traballo orixinal cunha extensión mínima de 30 páxinas sobre un tema de Enxeñaría Biotecnolóxica dirixido por un profesor titor. Os estudantes poderán solicitar a asignación do titor, que deberá ser un profesor que imparta docencia no actual Máster Universitario en Enxeñaría Biotecnolóxica.

O Traballo deberá ter a **seguinte estrutura:** 1.- Introducción, 2.- Obxectivos, 3.- Metodoloxía, 4.- Resultados e discusión, 5.- Conclusións, 6.- Bibliografía

Segundo.- Formalizada a matrícula nos Requisitos formativos, procederase de oficio ao recoñecemento das competencias adquiridas pola superación das materias da titulación de Graduado Superior en Biotecnoloxía ao abeiro do que establece o *ANEXO I da Resolución do 5 de outubro de 2006*.

Terceiro: Para poder solicitar o título de Máster Universitario en Enxeñaría Biotecnolóxica o alumnado deberá ter superado os *Requisitos formativos*.

Cuarto: Corresponderá ao coordinador do Máster Universitario en Enxeñaría Biotecnolóxica asinar as actas dos "*Requisitos Formativos*". A cualificación que deberá outorgarse será a de "APTO" ou "NON APTO".

Quinto.- Os Graduados Superiores da titulación propia de Biotecnoloxía abonarán os prezos públicos que correspondan polos **Requisitos formativos**. Non se

abonarán prezos públicos polo recoñecemento de competencias que establece o segundo punto desta resolución.


Sexto.- O prazo para matricularse será ata o vindeiro 30 de abril.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2008

O Reitor

PD. do 31 de marzo de 2008

A vicerreitora de Investigación e Innovación



Ma. José Alonso Fernández

Sr. Vicerreitor de Oferta Docente e EEES, Sr Secretario Xeral Adxunto, Sr. Coordinador do Máster de Enxeñaría Biotecnolóxica, Sra. Xefa do Servizo da Asesoría Xurídica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sra. Xefa da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, Sra. Directora da OIU.